



## ACHEGAS DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA Á MESA 3. TRANSFORMACIÓN TECNOLÓXICA DA INDUSTRIA GALEGA

### Introdución

O potencial de automatización derivado da revolución tecnolóxica dixital esixe dos axentes sociais, económicos e das Administracións a adopción dunha posición dinámica para que o desenvolvemento industrial e produtivo teña un impacto positivo no volume e na calidade do emprego.

A solvencia coa que a economía galega afrontará os procesos concorrentes de transformación global dependerá, fundamentalmente, do acerto dos axentes na análise e monitorización das medidas impulsadas e do grao de compromiso de toda a sociedade galega fronte aos seus propios desafíos.

### Claves e desafíos

**Investir en procesos e proxectos rigorosamente racionais no económico e no operativo, consensuados no ámbito do diálogo social e apoiados polo conxunto das forzas políticas galegas.**

Dende CCOO avaliamos, como fixemos no seu día, as 50 medidas de carácter transversal integradas no acordo no ámbito do CES, denominado «*Por unha alianza no sector industrial galego*», e que teremos que incorporar asimilando o que, dende o consenso dos axentes sociais, económicos e Administración, se sinalou naquel diálogo.

Tomando como referencia as devanditas conclusións, sinalariamos, no que concirne a esta mesa pola transformación tecnolóxica, as cinco que entendemos confiren un carácter máis estratéxico:

- 1ª Deseñar un **programa de reformas e incentivos** que facilite a reimplantación de empresas deslocalizadas ou a reinternalización das actividades desenvolvidas por empresas galegas fóra da nosa comunidade, estimulando a implantación de tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE) vinculadas á innovación en modelos de negocio para a diversificación das empresas. O investimento público para facilitar a transición á industria 4.0 debe incrementar o seu retorno incorporando como obxectivo prioritario a diversificación das empresas galegas.
- 2ª Crear un **Observatorio dos factores de competitividade das empresas manufactureiras** para afrontar con maiores garantías a transición dixital.
- 3ª Aplicar as **reformas administrativas** que favorezan a implantación efectiva do “portelo único” para facilitar a creación de empresas e garantir a dispoñibilidade de solo empresarial con fórmulas de adquisición flexibles e coherentes coas necesidades loxísticas e industriais. Neste sentido, incorporárase o concepto de “intermodalidade” e especialización intelixente de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias.
- 4ª Deseñar e poñer en marcha un **programa público de sistematización da excelencia operacional**, captura de datos e virtualización de procesos, como paso previo á incorporación de tecnoloxías asociadas á Industria 4.0. O obxectivo é compatibilizar o avance tecnolóxico coa necesaria mellora na organización empresarial.



- 5ª Impulsar a creación dun **Centro Internacional e Interuniversitario de Posgrao**, capaz de atraer talento e atender as necesidades tecnolóxicas e de xestión a medio prazo. Aproveitar o caudal de coñecemento e a capacidade de investigación promovendo a súa transferencia ás empresas galegas.

É necesario que os axentes implicados identifiquen este proceso de longo percorrido como unha oportunidade. Para iso, en CCOO consideramos imprescindible adoptar o modelo de desenvolvemento de proxectos piloto: o enfoque non é tanto cales son as tecnoloxías necesarias, senón cales serán os problemas que poden xurdir derivados destes procesos, darlle prioridade á súa solución e identificar as oportunidades. Con esta clave, entendemos que a transformación tecnolóxica ten en Galicia posibilidades de asimilar procesos ligados á innovación de produtos e solucións tecnolóxicas e ter un impacto positivo na competitividade das nosas empresas, xerando retorno no volume e na calidade de emprego.

**Desenvolver proxectos de pilotaxe reais a curto prazo e cun formato público-privado, nos que o diálogo social sirva de “tractor” incorporando como socias relevantes as universidades públicas e os centros tecnolóxicos. E persuadir o empresariado local da oportunidade de incorporarse con maior dinamismo a un proceso de cambio rápido en prol dunha maior competitividade e retorno para as empresas.**

## **A transición enerxética e as oportunidades industriais**

A folla de ruta global das próximas décadas no eido da transformación ecolóxica está escrita: a transformación tecnolóxica e enerxética será o motor de cambio do patrón de crecemento económico e do modelo produtivo. O base atópase nos conceptos estratéxicos impulsados na folla de ruta descrita nas directivas europeas 2018/844 de eficiencia enerxética de edificios; 2018, 2001 e 2012 de renovables e eficiencia enerxética, que promoven cambiar o modelo actual de oferta centralizada por outro de xeración distribuída e de xestión eficiente da demanda.

Esta transición requirirá novas especialidades produtivas e o desenvolvemento do noso sistema de innovación e terá que dar como resultado, necesariamente, enerxía máis barata (máis renda dispoñible) e redución do déficit comercial provocado pola dependencia do consumo de combustibles fósiles.

Neste momento, dende CCOO consideramos este proceso como de oportunidade, xa que no noso territorio existe unha forte tradición e medios vinculados á produción de tecnoloxías renovables, así como un alto nivel de coñecemento nos nosos centros tecnolóxicos e Universidades.

Propoñemos, polo tanto (unha vez se dispuxer dun informe de viabilidade previo), levar a cabo no Concello de CERCEDA un proxecto piloto integral de innovación real, con obxectivos claros: o desenvolvemento das tecnoloxías como resposta viable, eficiente e competitiva aos conceptos estratéxicos abaixo sinalados e que palíen o problema social derivado do peche da central térmica de Meirama da compañía Naturgy:

**Primeiro: Hibridación de tecnoloxías de xeración e almacenamento enerxéticos.**

**Segundo: Xestión de microrredes enerxéticas con renovables e integración con almacenamento agregado, interconexión con plantas de xeración virtual. Xestión con sistemas de intelixencia artificial.**



**Terceiro:** Almacenamento flexible, instalado xunto ao consumidor, xestión con aplicacións intelixentes e conectado á autoxeración renovable.

**Cuarto:** Recursos enerxéticos distribuídos.

**Quinto:** A bioenerxía, que permite a hibridación con outras renovables, dispoñendo de abundancia de recursos de xeración almacenable e autóctonos, como parte imprescindible e base do desenvolvemento de proxectos de economía circular.

## **Proceso de modernización do sector pesqueiro, sector naval e bens de equipamento**

Galicia sempre tivo unha forte tradición pesqueira, mesmo en termos de innovación. Foi precisamente unha destas solucións tecnolóxicas, impulsada no seu día por PESCANOVA coa construción de buques factoría e buques conxeladores, a que estendeu polos cinco continentes e todos os mares o liderado da industria pesqueira galega. Que o nivel de liderado das novas compañías siga sendo unha realidade nos próximos anos depende de como abordemos o necesario proceso de renovación dunhas frotas cunha vida media de arredor dos 35 anos. Aínda que o proceso está iniciado, cómpre impulsalo e incorporar como elemento prioritario a consolidación dos nosos estaleiros e do sector de fabricación de bens de equipamento utilizados por este tipo de frotas.

Estes dous nichos de actividade son sectores netamente europeos, e constitúen un claro elemento tractor da economía galega no seu eixe “mar-industria”.

Cómpre ese esforzo adicional vinculado á renovación da frota, para que as nosas compañías dispoñan de buques máis eficientes e os nosos mariñeiros faenen máis seguros e máis cómodos; debemos reforzar a incorporación de tecnoloxía e equipamento fabricado polas empresas locais.

Se ben a pesca é un sector tradicional, ofrece un campo de mellora moi amplo da man da innovación tecnolóxica. Xestionamos recursos naturais baixo grandes presións, e o noso papel global ten que vir da man non só do número de capturas e do volume da frota, senón da innovación sostible aplicada á competitividade.